



## ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2019-2020

De conformidade coa disposición adicional primeira da Orde de 12 de marzo de 2013 que regula o procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, o prazo para presentación de solicitudes de admisión será do 1 ao 20 de marzo.

Deberá presentar solicitude de admisión, segundo o modelo normalizado do Anexo II da citada Orde:

- O alumnado que solicite posto escolar por primeira vez.
- O alumnado matriculado nun centro docente que desexe cambiar a outro centro.

O impreso de solicitude será facilitado gratuitamente na secretaría do centro ou ben poderá ser cumprimentado e descargado a través da aplicación informática "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>). A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.

Xunto co impreso de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- DNI da/o alumna/o, libro de familia ou outro documento acreditativo da idade.
- No caso de alumnado con NEAE, documentación acreditativa das circunstancias que fundamentan esta petición.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores, convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio.
- En caso de non autorizar a verificación dos datos de identidade das persoas interesadas, documento de identidade da persoa solicitante e do resto de membros computables da unidade familiar.

### ACLARACIONES:

- O alumnado matriculado nun centro docente público ten garantida a súa permanencia nel. O cambio de curso ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro.
- A relación de postos escolares ofertados para o curso 2019-2020 está a disposición das persoas interesadas no taboleiro informativo, así como na páxina web do centro.
- A solicitude do posto escolar será única e presentarase no centro no que que a/o solicitante pretende ser admitida/o en primeiro lugar, en caso de que se solicitase máis dun centro.
- Indicar no modelo de solicitude, se se solicita o uso de servizo de comedor escolar e/ou uso do servizo de transporte escolar, no caso de ser admitido/a.

## CALENDARIO DO PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

1-20 de marzo	Solicitud de admisión
Antes do 25 de abril	Publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e non admitidas
5 días hábiles desde a publicación	Reclamación listaxe provisional
Antes do 15 de maio	Publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas
20-30 de xuño	Formalización da matrícula

Xove, a 27 de febreiro de 2019.

A Directora



Margarita Gutiérrez Gómez

### Normativa de aplicación

- [DECRETO 254/2012, do 13 de decembro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.